

# A MIMOSA



Nº-3 Abril de 2005 Boletín veciñal Casdenodres- Galiza- O mundo

## PASOU O ENTRUDIO



Foto.- Imaxen dos botiros . Viana do bolo.

De novo sacamos á luz outro número da nosa revista, o terceiro ,e cas mesmas ilusións que no primeiro número.

Pasou o inverno (bueno e un dicir porque co frio que fixo e que fai inda) e pasamos as festas de Navidad e fin de ano e chegaron os atracois e as juergas e todos eses excesos que paganse os meses seguintes. E poco despois chegou o entrudío ca mesma forza que todos os anos xa que na nosa terra ten unha gran tradición esta festa pagana. Fai mutos anos que en Casdenodres non se fai nada especial nesta festa e iso queremos cambiar tamén dende a nosa asociación. Este ano xa empezamos pola posta en escea da lardeira e o lardeiro, foi o primeiro ano e seguirá sendo todos os seguintes.

# XOGOS POPULARES

---

## A BILLARDA

Poden participar dous equipos normalmente de un ou dos xogadores.

### Para poder xogar necesítase:

- ✓ Un pao de madeira resistente (rebolo, abelaira, ...) de uns dous ou tres centímetros de diámetro e de 50 a 60 de lonxitud. A éste chámasele **palén**
- ✓ Un pao de uns vinte centímetros de lonxitud, normalmente da mesma madeira do palén (**billarda**). Debe estar afilado po las duas puntas.
- ✓ O lugar do xogo debe ser un espacio aberto, mais ou menos chairo. En un extremo desde campo faise un círculo de uns cuarenta centímetros de diámetro. Éste será o sitio onde se empeza o xogo e servirá de referencia para medir os puntos que se van acumulando.

### Desarrollo:

Para decidir quen empeza o xogo tírase o palén o aire girando en sentido vertical. Un equipo dirá: “ punta ou plano”. Si acerta cómo caerá o suelo empeza él, en caso contrario empeza o outro equipo. Antes de empezar a xogar débense poñer de acordo acerca de a cantos punto se vai (normalmente 100, 150, 200, ...). O que empeza, coloca a billarda dentro do círculo e lánzala dándolle dous golpes: un sobre unha das puntas pra que se levante e outro **no aire** para mandala o mais lexos posible. O mesmo tempo que fai esto debe decir “irá”. Si falla dirá “irá una va, duas va ou tres va”, según corresponda, xa que ten tres posibilidades pra intentar alexar a billarda. Estas tres posibilidades pódese exercer sempre que ésta non se alexe mais de a medida de un palén da circunferencia. Unha vez lanzada, coloca o palén dentro do círculo formando ángulo recto co sitio onde quedou a billarda. O xogador contrario, desde onde está a billarda, lanza ésta cas maos intentando darlle o palén. Si o consegue empeza él a xogada. En caso contrario sigue o xogo o que lanzóu, agora, debe utilizar a mesma técnica que antes e intentar separar a billarda desde onde está o mais posible do círculo en calquera dirección. Para eso ten tres toques. O mesmo tempo que lle da debe decir “doile una, doile dos y doile tres” según corresponda. Si nos tres intentos non e capaz de alexar a billarda da circunferencia mais de cinco medidas de palén perde o turno e pasa o outro equipo. En caso contrario calcula as medidas de palén que hay desde onde está a billarda hasta a circunferencia e pide.(5, 10, 15, 20, ... débese facer de 5 en 5) O xogador do outro equipo pódelle facer medir e, en caso de que se pasase o pedir, perderá o turno de xogo. Si non e esí vai acumulando puntos e sigue él xogando empezando a sacar de novo. Gana o primeiro que chega os puntos previamente establecidos.

### Outras regras:

- O sacar a billarda, o xogador que vai a continuación pódese colocar diante do que tira e intentar atraparla no aire. Si o consegue pasa a él o turno.
- Si o que está xogando non dice en voz alta algunhas das palabras que debe pronunciar, o contrario pódelle decir: “pasa a mis manos por no decir irá, doile, etc.) e perde o turno.
- Para dar os doiles o que está co turno pode decir: “puente” neste caso si consegue meter o palén sin tocar a billarda pode intentar levantala polo medio; “fuera estorbos”, pode quitar estorbos sempre sin tocar a billarda co palén. Si o contrario dice antes que él: “sin puente ni estorbos”, xa non pode exercer esta opción.
- A hora de medir pode decir: “con altos bajos e rodeos”. Neste caso pode medir os palés que ten por exemplo unha cembada que se interpoña ou, si e unha altura que non se pode salvar, contar dando un rodeo. Igual que antes, sempre que o contrario non diga antes que él:”sin altos nin rodeos”.

# CONTOS POPULARES

---

Os Cochofellos son seres que habitan os nosos rigueiros dende o tempo dos antergos.

Segun o que se conta, debíase ir a cazalos nunha noite pecha e cun tempo de lobos, canto máis chovera e máis frío fixera millor.

Pa conseguir collelos Cochofellos precísase que un grupo de mozos vaia escorrizalos polo rigueiro abaixo, mentras, o que se inicia na caza dos cochofellos debe agardar máis abaixo, onde baixe a auga do rigueiro a cachon mentras lle canta iso de “Cochofello vente o cesto...”.

Unha das anécdotas que máis se lembran no noso lugar é a que se conta a continuación pola Raquel e o Silverio:

## **-Raquel-**

**-raquel.** a señora Contempla de Casdenodres tiña un criado y era un pouco así non sei de que maneira.

-¿amanerao?

**-raquel.** eso, entonces os mozos de casdenodres dixéronlle que tiña que ir a esperar os cochofellos e eles que llos ivan a escorrizalos no rigueiro, e púxose ahí no medio do pueblo, onde caía a auga de alto, cun saco, así colléndoos co saco, (e os outros escondidos), e el decía : „cochofello vente ó cesto que a alpabarda por ti aguarda, cochofello vente o cesto que a alpabarda por ti agarda“ e así estuvo media noite e os cochofellos non chegaron, e non sei máis.

## **Silverio**

**-silverio.** estabamos unha noite, e claro a noite estaba moi mala e dixeronlle ó criado: ¡olle! , está a noite de cochofellos, vamos a collelos,

e dice o criado ¡xa está ,a collelos!, (mais o criado era máis listo que eles)

e dixéronlle os mozos, pois nós vamos a por eles ahí a....”Alvitez” .....que por ahí estarán, xa baixarán polo rigueiro abaixo.

E o criado respondeu, pois denme un saco pa collelos.

E deronlle un saco novo e meteulle unha pedra dentro do saco e... ¡Zasss!, Ata que rompeu o saco todo. Cando volveron dixéronlle os mozos. ¿cantos colliches?

ó que respondeu o criado, míralle dentro do saco

catro ou cinco pedras que había dentro ¡me cago na cona!

¿ a quen se lle ocorreu facelo dos Cochofellos?

**-silverio.** ¿a quen? é notario, á xente vella, eso ven de antes, pero os que mandaron ir o criado foi Andres, irmau da Rosario, Pedro do cima de lugar, Ricardo, Francisco, o Pierres...



**FONTANERÍA Y  
CALEFACCIÓN**

**Hnos.  
SEOANE**

Teléfono: 988 35 02 08  
Particular: 988 29 43 38  
Móvil: 689 54 82 68

---

32368 SANTA CRISTINA - A VEIGA (Ourense)

# FOTOS DE ONTE E HOXE

---

## As de onte



Foto.- Aiquei temos fai unhas poucos de anos estes monstros: Silvia, Juan, Ruben, kenia, o señor Alvino, a Rosa, Mery e Lorena celebrando un cumpleaños.



Foto.- Aiquei ademais de algúns destes elementos e tamén está a Begoña (dueña das fotos por certo).

# FOTOS DE ONTE E HOXE

---

## As de hoxe



Foto.- Aiqui temos o noso Casdenodrense máis internacional que se atopa traballando en Corea. É o noso Bertin que extraña moito Casdenodres.



# CONTOS E LENDAS

---

## O GALO KIRIKO

Esta é a verdadeira historia do galo Kiriko que ía á voda do tío Perico, e no camiño atopou unha boñiga de burro que tiña moitos grans de cebada. Tiña moita fame, e ademáis era moi lambon. ¿Que fago? Se como manchareime o pico e non poderei ir á voda do tío Perico, ¿qué fago, pico ou non pico? ¿Pico ou non pico? E, o final, picou, e manchou o pico.

Andando, andando, atopou unha herba, e pediulle:

—Herba, herbiña, límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E a herba contestoulle:

—Non quero!

Andando, andando, atopouse cunha cabra e pediulle:

—Cabra, come á herba, que non quere límpame o pico que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E contestoulle a cabra:

—Non quero!

Andando, andando, atopouse cun lobo e pediulle:

—Lobo, mata á cabra, que non quere comer a herba, que non quere límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E o lobo díxolle:

—Non quero!

Andando, andando, atopouse cun can, e pediulle:

—Can, vai e morde o lobo, que non quere matar á cabra, que non quere límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E díxolle o can:

—Non quero!

Andando, andando atopou un pao, e pediulle:

—Pao, zóupalle o can, que non quere morder o lobo, que non non quere matar á cabra, que non quere comer a herba, que non quere límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E o pao díxolle:

—Non quero!

Andando, andando atopou un lume, e pediulle:

—Lume, queima o pao, que non quere zouparlle o can, que non quere morder o lobo, que non non quere matar á cabra, que non quere comer a herba, que non quere límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E o lume díxolle:

—Non quero!

Andando, andando, atopou un charco, e pediulle:

—Auga, apaga o lume, que non quere queimar o pao, que non quere zouparlle o can, que non quere morder o lobo, que non non quere matar á cabra, que non quere comer a herba, que non quere límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E díxolle a auga:

—Non quero!

Andando, andando atopouse cun burro e pediulle:

—Burro, bebe a auga, que non quere apagar o lume, que non quere queimar o pao, que non quere zouparlle o can, que non quere morder o lobo, que non non quere matar á cabra, que non quere comer a herba, que non quere límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E o burro díxolle:

—Non quero!

Andando andando atopou unha navalla e pediulle:

—Navalla, pica o burro, que non quere beber a auga, que non quere apagar o lume, que non quere queimar o pao, que non quere zouparlle o can, que non quere morder o lobo, que non quere matar á cabra, que non quere comer a herba, que non quere límpame o pico, que mancheio e non podo ir á voda do tío Perico.

E a navalla díxolle:

—Non quero!

Andando andando atopouse cun ferreiro e pediulle:

—Ferreiro, rompe a navalla, que non quere picar o burro, que non quere beber a auga, que non quere apagar o lume, que non quere queimar o pao, que non quere zouparlle o can, que non quere morder o lobo,

que non non quere matar á cabra, que non quere comer a herba, que non quere limparme o pico, que mancheio e non podou ir á voda do tío Perico.

E o ferreiro díxolle:

—Non quero!

Andando andando atopouse ca Morte e pediulle:

—Morte, leva o ferreiro, que non quere romper a navalla, que non quere picar o burro, que non quere beber a auga, que non quere apagar o lume, que non quere queimar o pao, que non quere zouparlle o can, que non quere morder o lobo, que non non quere matar á cabra, que non quere comer a herba, que non quere limparme o pico, que mancheio e non podou ir á voda do tío Perico.

E a Morte díxolle...:

—Moi ben.

Entón a morte foi levarse ao ferreiro, que marchou correndo a romper a navalla, que brincou a pinchar o burro, que trotou a beber a auga, que foi a apagar o lume, que voou a queimar o pao, que rodou a zouparlle o perro, que correu a matar á cabra, que saltou a comer a herba, que deprimida deprimida limpioulle o pico o galo Kiriko para que fose á voda do tío Perico.

Pero como se entretivera tanto no camiño, chegou tarde, cando xa non quedaba carne, e cando viron un galo tan fermoso.... Correndo matárono e á pota o botaron.

- Isi -

## LO QUE HEMOS CONSEGUIDO

---

Este ano polo entrudio pusemos os lardeiros no pobo que é unha tradición de fai moitos anos e que a nos parecen moi interesante, e mais ou menos esta é a historia da tradición.

O lardeiro e a lardeira son dous dos elementos máis significativos do noso “entrudio”, a súa presenza marca o inicio e fin destas festas, mais o seu significado e orixen perdese na obscuridade dos séculos pasados onde se tentaron suprimir polas institucións católicas así como polas autoridades políticas. Sen embargo a súa presenza mantívose agachada no corazón do pobo e nos recunchos máis afastados da xeografía galega.

Segundo algunhas historias, a presenza dos lardeiros veñen a substituír a existencia de sacrificios humanos que acontecían dentro dalgunhas culturas como mecanismo que garantizase o beneplacito dos deuses para o conxunto da comunidade. Coa chegada dos colonizadores, este conxunto de prácticas tentáronse suprimir para impor a cultura e a relixión dos conquistadores. Ante a prohibición de realizar sacrificios humanos, os pobos indíxenas optaron por sacrificar as súas representacións: uns muñecos con forma humana e que debían estar cubertos coas súas posesións para así transmitirle o muñeco a espiritualidade dos que ían a ser sacrificados, o mesmo tempo, a destrución dos bens materiais cumprían o requisito da perda, do sacrificio... Esta é a historia e orixe dos lardeiros, polo menos é a historia que me contaron. **Lento Rodriguez** dende Brasil.



# VOCABLOS

---

- |              |   |
|--------------|---|
| 1.- Patamela | a.- choupin nunha fase inicial de desenrolo (forma de chupachus).                     |
| 2.- Cogordo  | b.- parte dianteira do carro onde se xunxian as vacas.                                |
| 3.- Garnacha | c.- camiño cun espazo suficiente para o tránsito de carros.                           |
| 4.- Delourar | d.- unir as vacas mediante o xugo.  |
| 5.- Carrua   | e.- cada un dos buracos por onde se escapa a auga (xeralmente) do rigueiro.           |
| 6.- Braseiro | f.- tipo de uva xeralmente utilizado na zona.   |
| 7.- Cabezoia | g.- choupin en estado avanzado de desenrolo( con forma de paraugas).                  |
| 8.- Xunxir   | h.- acción de por a secar algo, xeralmente roupa.                                     |
| 9.- Gorbía   | i.- depósito metálico usado como recipiente onde votalas brasas para poderse quentar. |



**CHIRICAHUA**  
VIANA

## EDITORIAL

Porqué nos poñen no apreto de elixir?; sí quen dixo que había que facelo, sino que lle pregunten a ese conclave de cardenais que se encerran con chave nun hotel de cinco estrelas e non poden sair ata que elixen papa, é unha putada ou non? Pois na vida igual porque hay que elixir traballo, (si podes claro) elixir casa, (eso é un milagro claro) coche, (eso é facil porque eredas o dos pais) e así todo . En definitiva elixir materias, representantes, símbolos, referencias , etc.. cando o máis facil da vida elixese solo pois son eles os que chegan a ti dende pequeno, e son os sentimentos.



**HOTEL RESTAURANTE AS CHAIRAS**  
**TELEFONO: 988350168**

Recordadeos de a nosa dirección de correo para que mandeis as colaboracións: [casdenodrescap@terra.es](mailto:casdenodrescap@terra.es)  
Solución a los vocablos: 1-g, 2-a, 3-f, 4-h, 5-c, 6-i, 7-b, 8-d, 9-e. Non me digais que era difícil, a que non. Tamén queremos nesta ocasión citaros para celebrar unha próxima reunión e a poder ser a máxima asistencia, dos socios da asociación na praza do pobo o día 13 as 6:30 na primeira convocatoria e as 7 na segunda para tratar varios temas importantes, grazias a todos.